

Eduard Velasco, II Premio Díaz Castro de Poesía por *O filósofo coxo*

Poeta e tradutor, filólogo de formación e articulista, Eduard Velasco (Barcelona, 1982) convertíase no gañador do II Premio Díaz Castro de Poesía co poemario *O filósofo coxo* presentado baixo o pseudónimo 'Can, can...' entre preto de medio cento de traballos presentados ao certame que convoca o Concello de Guitiriz.

O autor ten xa unha sólida andaina no mundo das letras galegas, onde gañou premios como o III Certame de Poesía Leiras Pulpeiro do Concello de Mondoñedo ou o Premio Nacional de Poesía Xosémaría Pérez Parallé, entre outros.

O xurado -composto por Miguel Anxo Fernán Vello, poeta e ensaísta; Ánxela Gracián, escritora e tradutora; e Armando Requeixo, crítico literario e ensaísta, actuando como secretaria,

algún. Eu alégrome sempre que leva un premio unha persoa nova sen un soldo asegurado. Cando se está na precariedade non sobran as alegrías.

- Cal era o seu coñecemento sobre este premio?

- Xa mandara *O filósofo coxo* no 2015, pero fíxeno sen revisalo e era un libro pouco acabado, con bastantes problemas. Ao cabo de case un ano, retomeino, refíxeno e corrixino. Mandeino á segunda edición e saíume ben.

- Que destacaría do propio Díaz Castro?

- Impresióname quen é capaz de coñecer linguas tan distintas como para traducir entre elas. O primeiro libro del que tiveron foi unha edición bilingüe de *Nimbo*s, en galego e

difusor de cultura e tradutor. Cal é o seu interese na difusión da cultura galega en Catalunya e da cultura catalá en Galicia?

- Penso que é necesaria a figura do mediador, dunha persoa que vivise nos dous países e que axude a que os cidadáns dunha banda coñezan os da outra e teñan claves para interpretar o que lles acontece. Vivimos nun estado que fai todo o posible porque Galicia e os Países Cataláns se extingan como centros xeradores de lingua e de cultura. Unha das estratexias é impedir a nosa comunicación directa e interferir obrigándonos a pasar polo español e por España. Temos que facer o posible por relacionarnos bilateralmente, como dous suxeitos soberanos que non precisan intermediarios.

- Que similitudes atopa entre ambas? Atopa algunha diferenza en relación á súa posta en valor e á percepción de cada unha delas no resto do mundo?

- Temos demografías e economías moi distintas e, polo tanto, tamén o son a produción e as relacións culturais. A proxección internacional non ten nada que ver porque os Países Cataláns teñen catorce millóns de habitantes e repártense por catro estados e cinco comunidades autónomas. No caso de Cataluña temos un gran apoio institucional, e actuouse desde sempre coma se o estado propio fose un feito consumado, con consciencia de cultura europea ao mesmo nivel cás outras. En Galicia o apoio institucional, cando o hai, é moitísimo máis feble, pero contamos cun potencial internacional que nunca foi abondo recoñecido, que é a emigración. Os emigrantes son produtores e difusores de cultura galega en todo o mundo, e cando retornan son portadores doutro acervo e doutras linguas, e son posibles mediadores entre a cultura galega e a que lles foi de acollida durante unha parte das súas vidas. Pero isto non xustifica que os gobernos os botasen nin que desatendan a cultura.

O filósofo coxo será publicada pola editorial Espiral Maior e verá luz, con toda probabilidade, a primeiros do vindeiro mes de xullo, coincidindo coa data de aparición, fará este verán 56 anos, do poemario *Nimbo*s.



Eduard Velasco na librería Chan da Pólvora. Foto: Arquivo Chan da Pólvora.

con voz e sen voto, Regina Polín Rodríguez, alcaldesa e concelleira de Cultura- destacaba "a elaborada arquitectura versal onde cada fragmento encaixa nun discurso consistente balizado por numerosas citas internas e homenaxes a diversas tradicións literarias; ademais dun humor paródico que compensa de xeito acaído a fulguración das imaxes líricas co discursivo do cotián de fondo, o filosófico co pragmático e coloquial".

- Todas estas características fixeron que o xurado destacara *O filósofo coxo* entre medio cento de propostas. Cal é o seu sentir ao respecto do premio?

- Estou agradecido. Seguro que outros o merecían e oxalá gañen

catalán, publicada no País Valenciano. É un dos autores que levo cando vou pola Terra Chá.

- Fálenos da obra. Cre que conta con algún reclamo para enganchar ao lector?

- Eu sinto a necesidade de crear e de expresarme, fágoo de varias maneiras e é azaroso que acabase publicando e se me coñeza por iso. Non sei moi ben que significa a inspiración: hai un desexo previo que materializo. E non me corresponde a min dicir se o que escribo acada os seus propios obxectivos, quen me lea é quen pode opinar o que queira.

- En relación ao seu labor labor como